


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
DATA: 29/04/2020  
SAIDA: 4415/20




Reclamante   
Expediente. Nº **RSCTG 19/2020**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por  , mediante escrito do 30 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de abril de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 30 de xaneiro de 2020 , unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Sanidade, referente á existencia de Comités de Ética na Mariña Lucense (Burela) e na zona de Monforte de Lemos, e de existiren, como Comités ou como grupos de ética, ter acceso aos seus Regulamentos de réxime interna

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia do envío da súa solicitude e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 6 de febreiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de febreiro de 2020, e con data do 3 de marzo de 2020 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo copia da solicitude de acceso á información, resolución do 18 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Consellería

de Sanidade, pola que se concede acceso á información solicitada, documento xustificante da notificación (sistema Notifica) e o informe e o expediente instruído.

**Terceiro.** Con data do 28 do febreiro de 2020, remite escrito no que comunica que recibiu a resolución sobre a solicitude de acceso á información e que nela unicamente se proporciona un link a un sitio que non se atopa operativo. Manifesta o recorrente que na súa solicitude xa se facía referencia ao coñecemento do espazo web de bioética e se preguntaba especificamente sobre información adicional ao mesmo ou actualizada. O reclamante considera que a Administración responde de forma ambigua e non di explicitamente que nos centros citados non existe Comité de ética asistencial de referencia, nin se da resposta á afectación que suporá para os Comités de ética a modificación da Lei de Saúde de Galicia.

Este escrito, que inicialmente considerouse como nova reclamación (RSCTG 35/2020), arquívase mediante resolución do 17 de abril de 2020, por existir identidade de peticionario e obxecto, integrándose a documentación presentada no presente expediente.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter

potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, senón que resolveu unha vez interposta a reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia, polo que debe admitirse esta por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou á Consellería de Sanidade unha información, consistente en coñecer a existencia de Comités de Ética na Mariña Lucense e na zona de Monforte de Lemos, e de existiren como Comités ou como grupos de ética, ter acceso aos seus Regulamentos de réxime interna, do que non obtivo resposta por parte da referida Consellería dentro do prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016.

Unha vez que o interesado tiña presentada a súa reclamación ante a Comisión da Transparencia, a Consellería ditou, con data do 18 de febreiro de 2020 resolución expresa, que lle notificou ao interesado con data do 27 do mesmo mes.

Dado que a información solicitada esta publicada, de conformidade co disposto no artigo 22.3 da Lei 19/2013, a resolución poden consistir en indicar como pode accederse á información solicitada, sinalando expresamente o link a través do cal se pode acceder á información. Pola secretaría da Comisión da Transparencia comprobouse que se pode acceder á información solicitada de forma sinxela a través do link proporcionado, e na que figura información referente ao Comité de Ética Asistencial de Lugo, Cervo e Monforte, a súa composición actual, regulamento interno, código ético e outra información de interese, polo que considérase que a resolución responde á solicitude presentada.

O reclamante no seu escrito do 28 do febreiro de 2020, unha vez recibida a resolución pola que se lle concede o acceso, considera que non se lle responde de forma ambigua porque a Administración non di explicitamente que nos centros citados non existe Comité de ética asistencial de referencia, nin se da resposta á afectación que que suporá para os Comités de ética a modificación da Lei de Saúde de Galicia.

O interesado solicitou información sobre si existen Comités de Ética na Mariña Lucense (Burela) e na zona de Monforte de Lemos, e a Consellería lle contesta remitíndolle a información sobre o Comité que existe, que é o Comité de Ética Asistencial de Lugo, Cervo e Monforte, polo que está dando a información existente sobre cal é o Comité de referencia para as zonas sobre as que se solicita, contestación que debe considerarse correcta. Se o interesado o que reclama, como parece deducirse da súa reclamación, é que debe existir un Comité específico para a Burela e Monforte de Lemos, non é unha solicitude de acceso á información a vía adecuada para o mesmo.

Respecto da súa solicitude de coñecer como afecta aos Comités de Ética Asistencial a recente estruturación das Áreas de Saúde operada por modificación da Lei de Saúde de Galicia, esta petición non se pode considerar una solicitude de acceso á información pública, senón que debe considerarse unha solicitude de que a Consellería de Sanidade se pronuncie, mediante a emisión dun informe, sobre como afecta unha norma, a un órgano preexistente á mesma.

A sentenza da Audiencia Nacional do 24 de xaneiro de 2017 establece que o dereito á información non pode ser confundido co dereito á confección dun informe por un órgano público a instancia dun particular, polo que o artigo 18.1.c) establece como causa de inadmisión os supostos nos que a información que se solicita require de unha elaboración e confección. Nestes casos, é indiferente que dita información obre en poder da Administración ou de calquera outro suxeito obrigado, debendo interpretarse o artigo 13 da Lei no senso de que o dereito á información pública non pode converterse no dereito a obter un informe a medida do requirido polo solicitante.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaçión de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 30 de xaneiro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Sanidade, referente á existencia de Comités de Ética na Mariña Lucense (Burela) e na zona de Monforte de Lemos, e inadmitila respecto da súa solicitude de emisión de informe sobre a afectación das reestruturacións das Áreas de Saúde aos Comités de Ética Asistencial.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses<sup>1</sup>, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.04.29 12:33:03 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**

---

<sup>1</sup> Debese ter en conta que de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os prazos procesuais están interrompidos e suspendidos para todas as ordes xurisdicionais, ata que non que perda vixencia o citado Real Decreto, renovándose o cómputo de prazos nese momento.